

1329, maio, 12
revogación

181

O cabido contradí o nomeamento dun capelán polo bispo por facerse sen o seu consentimento.

ACOu, Escrituras XIV, 28

Sabean *quantos* esta carta viren *commo* en *presença* de *min* Domingo Nunes *notario* jurado d'Ourense porlo bispo e porla igreia desse lugar e das *testemonyas* *adeante scriptas*, *juntado* o cabidoo d'Ourense *por* *tangemento* de *canpaa emna coostr*a nova de San Martiño segundo seu *custume*, *presente y* don Vaasco Peres *dayam* de Ourense e outros *hommees boons* e *persoas* do dito cabidoo, esse *dayan* e cabidoo *commo* (*sirñ*) *diseron que commo* Domingo Eanes *capelan* de Santa Ouffemea *tevesse ante que* lle a dita capela *dessen* *duas* capelas *que se davan por* *nosso señor o bispo* e porlo dito cabidoo, *que o dito señor o bispo depoys que* dera a dita capella de Santa Oufemea ao dito Domingo Eanes *dera sen outorgamento* do dito cabidoo *aquelas* *duas* capelas *que ante o dito Domingo Eanes tiina a Johan Eanes seu clerigo*. Et por *que o dito señor o bispo* dera as *di*tas capelas ao dito Johan Eanes *sen outorgamento* do dito *dayam* e cabidoo et *entendendo que* en esto o dito señor o bispo *lle fesera agravamento*, *que o dito dayan e cabidoo commo* (*sirñ*) *que non consintyan* en elo e o *contradisian*. Et *pediron a min notario huun estormento*. Esto foy en Ourense, dose dias de mayo, era de mill e *ccc^a* saseenta e septe anos. *Testemonyas* Gonçalvo *Martines* dito Rella, Domingo *Martines* e Maçia Peres *clerigos* do coro, Ares Peres *arçipreste* do *arçidiagado* de Buval.

Et eu Domingo Nunes *notario* sobre dito *que a esto presente* foy e en *myna presença* o *fige* *escribir* e meu *signal y puge que tal he*.

(*sinal*)

[*reverso*] *Protestaçon* ...